

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

<b>EXPEDIENTE</b>	2021044072
<b>ASUNTO</b>	Aprobando o expediente para a contratación, mediante concurso público, do Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra.
<b>TRÁMITE</b>	Aprobación de expediente de contratación.

PMC/cpv

**O deputado delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias atribuídas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN.**

O Museo de Pontevedra, ao longo da súa dilatada historia, foi incorporando diversos edificios, e conta na actualidade coas Ruínas de San Domingos, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Fernández López e Sexto Edificio.

Tanto os dous edificios primixenios, como o que acolle ao diferente persoal técnico e espazo de almacenaxe, na rúa Pasantería, presentan importantes disfuncións que limitan o seu correcto funcionamento. Os edificios Castro Monteagudo e García Flórez perderon a súa aptitude para ter un uso expositivo, e atópanse nestes intres pechados ao público, pola súa obsolescencia e deterioro debido ao paso do tempo. O Edificio Fernández López, aínda que está operativo, presenta un conxunto de limitacións e deficiencias que obrigan, tamén, a súa rehabilitación para o mellor cumprimento das súas funcións.

En base ao exposto, con data 3 de setembro de 2021, a xefa do servizo do Museo de Pontevedra emite informe, co visto e prace do Vicepresidente da Deputación de Pontevedra, no que, por unha banda, propuxo a contratación directa provisional, por motivos de urxencia, do arrendamento dun inmovible en Pontevedra, e, por outra, a incoación dun procedemento aberto para a contratación dun local en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra, por un período de dous anos, prorrogable ata un máximo de dous anos máis, e un orzamento mensual de 1.089,00 euros (900,00 euros, máis 189,00 euros correspondentes ao IVE). Xunto coa proposta, achegou o prego de prescricións técnicas que rexería o devandito procedemento.

Visto que, en atención á proposta, mediante Resolución Presidencial núm. 2021005332, de data 16 de setembro do 2021, adxudicouse á empresa Obras Proyectos y Actividades, S.L. o contrato privado de "Arrendamento do inmovible abicado na rúa Barcia, número 4, Marcón, Pontevedra, con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra" (exp. 2021043530), cun prazo máximo de duración de 9 meses, ata que se formalizase e comezara a execución do novo contrato, a adxudicar mediante concurso público. No mesmo acordo, incoouse o procedemento para a



contratación, mediante concurso público, do arrendamento dun inmoible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra (expediente 2021044072), por un período de dous anos, prorrogable ata un máximo de dous anos máis, e orzamento total de 26.136,00 euros (21.600,00 euros, máis 4.536,00 euros correspondentes ao 21% do IVE).

Tendo en conta que, con data 6 de setembro de 2021, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que se indica que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado suxeito á lexislación patrimonial, sendo un negocio xurídico excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o seu artigo 9.2. O procedemento ordinario para a adxudicación deste contrato é o concurso público, segundo o artigo 124.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (CSV: 3P1OFI7OAJ7KXG6o).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 20 de decembro de 2021, solicita informe da Secretaría da Deputación.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral, de data 7 de xaneiro do 2022, e as observacións contidas no mesmo (CSV: CXVZGSR8LHIDKP2C).

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria e da Intervención, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Contratación e do Museo, reflectidas nos seus respectivos informes de data 8 de febreiro (CSV: G2LXHVV7EDYADMOo) e 23 de febreiro do 2022 (CSV: 8oFNPN2FPQDMDFTM).

Visto que, con data 2 de febreiro do 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto que, con data 8 de febreiro do 2022, a Intervención emite documento de retención de crédito número de operación 202200021170, polo importe de 9.801,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 22/333.3330.202.00 do vixente orzamento provincial, para atender ás obrigacións que se deriven deste contrato para o exercicio 2022. Asemade, emite documentos RCFUT1(ano 2023) e RCFUT2(ano 2024) números de operación 202200021171 e 202200021173, polos importes de 13.068,00 euros e de 3.267,00 euros.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11 de marzo do 2022 (CSV: BVUI6FW3OVI1ESR7), coas seguintes observacións e recomendacións:

*"(...) O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente) dos exercicios 2022, 2023 e 2024, afectando á estabilidade no presente exercicio. Ademais, como compromete gasto corrente de exercicios futuros, incide no cálculo da estabilidade e da regra do gasto como maior gasto computable.*

*Respecto dos posibles custes adicionais derivados do contrato indicados na proposta como son os referidos a consumos eléctricos e auga non están cuantificados no informe proposta e deberán ser obxecto de contratación posterior. (...)"*

Tendo en conta o artigo 9.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o cal os contratos de arrendamento de inmoibles son contratos de natureza privada, suxeitos á lexislación patrimonial, e negocios xurídicos excluídos da citada Lei de contratos do sector público.



Tendo en conta o artigo 124.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, segundo o cal os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida, agás que, de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben, considérese necesario ou conveniente concertalos de modo directo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 9, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; e da Resolución Presidencial núm. 2019014186, de 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada mediante Resolución Presidencial número 2020003407, de 27 de maio de 2020, **RESOLVO:**

1.- Aprobar o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do **"Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra"**.

O prazo de duración do contrato é de dous anos, contados desde a posta a disposición do local.

A posta de disposición do local constatarase mediante a sinatura da correspondente acta de entrega, coa entrega de chaves, que a persoa arrendadora deberá realizar no prazo máximo de cinco días hábiles desde a formalización do contrato, agás causas que non lle sexan imputables.

Establécese a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 26.136,00 euros.

Orzamento máximo mensual (renda):

Sen IVE:	900,00 €
IVE (21%):	189,00 €
Total:	1.089,00 €

O valor estimado é de 43.200,00 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: DBVHH3SNPTCGSPEY) e de prescricións técnicas (CSV: O7B7010QYN7H8RTQ) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 26.136,00 euros, do cal a cantidade de 9.801,00 euros será a financiar con cargo á aplicación orzamentaria **22/333.3330.202.00** do vixente orzamento provincial.

Respecto ao gasto nas anualidades 2023 (13.068,00 €) e 2024 (3.267,00 €), contabilizarase nas correspondentes aplicacións, que serán, no seu caso, a 23/333.3330.202.00 e 24/333.3330.202.00, quedando condicionado á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito axeitado e suficiente nos mesmos.

O cadro de financiamento poderá sufrir modificacións en función da data na que se formalice o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato á xefa de xestión do Museo de Pontevedra, Sonia Mateos Escudero.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un **prazo para a presentación de proposicións**, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

## CONTRATACIÓN.- INTERVENCIÓN.-MUSEO DE PONTEVEDRA

